WIKIPEDIA

Lingua nuosu

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua nuosu** (ou **nosu**, ꆈꌠꉙ, pronunciado: *Nuosuhxop*), tamén coñecido como **yi setentrional**, **liangshan yi** e **yi de Sichuan**, é a lingua de prestixio do pobo yi; foi escollida polo goberno chinés como a forma estándar da lingua yi (en mandarín: *Yí yǔ*, 彝語/彝语) e como tal, é a única que se ensina nas escolas nas formas oral e escrita. É falada por dous millóns de persoas e o seu número está medrando; o 60% son monolingües. Nuosu é o nome nuosu/yi nativo para a súa propia lingua e non é empregado en mandarín, e malia que ás veces pode ser deletreado para a súa pronunciación (*nuòsū yǔ* 诺苏语/諾蘇語), o carácter chinés para *nuòsū* non ten significado.[1]

Os termos comúns 'yi negro' (mandarín: *hēi Yí* 黑彝) e 'yi branco' (*bái Yí* 白彝) son castes do pobo nuosu, non dialectos.

O nuosu é unha das múltiples variedades mutuamente inintelixibles do yi, lolo, moso ou Noso. As seis linguas yi recoñecidas polo goberno chinés comparten entre un 25% e un 50% do seu vocalario en común. Comparten un sistema de escrita, o silabario yi.

Nuosu ***ꆈꌠꉙ Nuosuhxop***	
Outros nomes:	Liangshan
Falado en:	República Popular da China
Rexións:	Sur de Sichuan, norte de Yunnan
Total de falantes:	2 millóns (2000)
Familia:	Sino-tibetana Lolo-búrmica Lolo Niso **Nuosu**
Escrita:	Silabario yi, antigamente logogramas
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	China
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`ii`
ISO 639-2:	`ii`
ISO 639-3:	`iii (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=iii)`

Notas

1. Zhu Wenxu etc. 朱文旭、木乃热哈、陈国光 Yi-yu basic course 彝语基础教程 Central Minorities Publishing Co. 中央民族大学出版社 (2006-04出版)

Véxase tamén

Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua nuosu (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/ii)***

Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Lingua nuosu***

Bibliografía

- Chen Kang [陈康]. 2010. *A study of Yi dialects* [彝语方言研究]. Beijing: China Minzu University Press.


A Galipedia ten un portal sobre: ***China***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_nuosu&oldid=4278286"